



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN “POR ELES TEA OURENSE - PETEA”, PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DIRETA INDIVIDUALIZADA (INFANTO-XUVENIL) PARA PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa ASOCIACIÓN “POR ELES TEA OURENSE” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2021. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2021 sempre e cando aparean actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento do programa de promoción da autonomía persoal na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto trátase dun programa de intervención directa individualizada (infantil-xuvenil) para persoas con trastornos do espectro autista, durante o ano 2021.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a asociación “Por Eles TEA Ourense - PETEA”, utiliza un enfoque integral e individualizado na determinación das actuacións de intervención en función das necesidades de cada persoa usuaria, centrado nas potencialidades de cada persoa e non nas súas carencias, baseado entre outros nos principios de aprendizaxe funcional (coñecementos previos e actividades do seu entorno máis próximo), e socializador (fomento da inclusión social potenciando a utilización de recursos da comunidade). Isto último constitúe un elemento diferenciador da actuación desta entidade que se basea no emprego dos mesmos recursos que están a disposición de calquera persoa, coas adaptacións e apoios que sexan necesarios na busca de niveles de integración máis elevados.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei





9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

